# As bágoas de Lucía

A casa está baleira. Vai  ser alugada, ou mercada ou esborrallada. A filla sente unha dor no corazón e hai bágoas nos seus ollos. Lucía sente que o seu pasado vai ser vendido. “Teño que facer algo”, pensou ela. César, seu pai, chámaa para irse a súa nova cidade.

De repente, Lucía veu unha luz que a chamaba a  seguir.

-Xa vou!-Dixo ela.

-Vale, pero non tardes moito. -Dixo seu pai dende o salón  da vella casa.

Lucía seguiu a luz. O que viu foi horroroso. Era a casa queimada:

-Estou vendo o futuro. -Dixo Lucía en alto, coma se alguén a escoitase. Estába soa nesa situación.

Rapidamente deu a volta para dicirllo ao seu pai. Ao chegar a onde estaba César, viu que xa estaba no coche. Lucía chamoullo para que a seguise a ver esa escena. El decidiu seguila, pero a luz non estaba alí... Lucía intentou explicarllo ao seu pai, pero el non a creu. Ela empezou a chorar mentres que o seu pai lle rifaba por facerlle perder o tempo.

Agora, dous anos despois, a casa está queimada e ela na súa nova cidade co seu  pai e sen o seu pasado.

198 palabras